

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Centros Integrados de Formación Profesional

Anexo II. Proxecto Funcional

Elaboración de obras do alumnado no marco das ensinanzas regladas de formación profesional impartidas no centro.

Índice

1	Producción de obras no marco das ensinanzas.....	3
2	Propiedade da produción de obras.....	3
2.1	Propiedade intelectual e dereitos de autor.....	3
2.2	Cesión de obras.....	3
3	Modelo de solicitude de cesión de obras.....	4

1 Producción de obras no marco das ensinanzas

No marco das ensinanzas regradas que se imparten no CIFP de Cantería de Galicia está moi presente o recién instaurado Ciclo de Grao Medio de Pedra Natural Alta Especialización, herdeiro das ensinanzas non regradas de canteiro e mestre canteiro que se impartían na extinta Escola de Canteiros, que na súa orixe impulsou este antigo e nobre oficio que cómpre manter e realzar.

Na actual ensinanza reglada o alumnado elabora pezas didácticas e de libre creación, seguindo os resultados de aprendizaxe contidos nas programacións docentes que siguen o currículo establecido. Tamén poden incorporarse á produción de obras as solicitudes de colaboración de entidades públicas ou asociacións sen ánimo de lucro, seguindo o estipulado no Protocolo de colaboración. Ademais desta adecuación didáctica, considerase importante que o alumnado valore a exposición pública da obra na que participou e a súa permanencia no tempo.

2 Propiedade da produción de obras

2.1 Propiedade intelectual e dereitos de autor

As consideracións incluídas neste apartado respectan o contido na Lei 21/2014, de 4 de novembro, pola que se modifica o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, e a Lei, de 7 de xaneiro, de Enxuízamento Civil.

1. O alumnado que participe activamente na elaboración de obras teñen o dereito ao recoñecemento da autoría sobre as mesmas, e así se trasladará á entidade pública ou asociación sen ánimo de lucro ao que se transmita a obra no suposto de que non quede no centro.
2. Os dereitos económicos que poidan xerar as obras elaboradas no centro e os dereitos de explotación pertencen ao CIFP de Cantería de Galicia.
3. O alumnado poderá facer uso das imaxes das obras individuais ou colectivas nas que participe sempre coa previa autorización do CIFP de Cantería de Galicia e coa obriga de mencionar ao centro na publicación, ou tamén ao restos dos autores no suposto dunha obra colectiva. No suposto dunha obra cedida por un acordo de colaboración a unha entidade pública ou asociación sen ánimo de lucro, deberá tramitarse o corresponde permiso á mesma.

2.2 Cesión de obras

O CIFP de Cantería de Galicia poderá ceder temporal ou definitivamente as obras non destinadas a entidades públicas ou sen ánimo de lucro nas que participara de xeito individual o alumnado, sempre e cando cumpra os seguintes requisitos:

1. Solicitudes previa por escrito á dirección do centro. Só se poderá facer unha solicitude de cesión definitiva por curso, aínda que o alumnado elaborara máis dunha obra durante o mesmo.
2. No suposto de cesión temporal de obras só se cederán durante un mes previa indicación motivada do uso da mesma e a súa localización concreta.
3. Que o alumnado colaborara na elaboración de obras colectivas incluídas nas programacións didácticas.
4. Que o volumen de pedra, escaiola ou arxila empregado non supere os trinta euros de coste. No suposto de que a peza superara este coste, deberá aboar a diferenza, salvo que a dirección do centro determine que a persoa que o solicite non fixera ningunha solicitude de cesión

definitiva en todos os anos que estivo cursando o ciclo formativo no centro ou por calquera outra cuestión a valorar.

5. Que se faga cargo do traslado e do transporte nas data fixadas pola dirección do centro.

A dirección do CIFP de Cantería de Galicia reservase o dereito de conservar aquelas obras do alumnado que considere que pasarán a formar parte da colección permanente do centro. Quedan fóra destas solicitudes as obras elaboradas nas clases de dibuxo artístico, onde será a persoa docente quen conceda a cesión da obra sen necesidade de solicitude por escrito.

3 Modelo de solicitude de cesión de obras

SOLICITUDE DE CESIÓN DE OBRAS

D/D^a, con DNI....., alumno/a do cicloque cursa/cursou estudos no CIFP de Cantería de Galicia desde 20..... hasta 20.....,

EXPON:

Que participou de xeito individual na elaboración da peza titulada..... feita en (seleccionar o que corresponda):

- pedra
- arcilla
- escaiola

E polo tanto,

SOLICITA: (escoller no suposto de cesión temporal / definitiva)

A cesión definitiva da obra e os seus correspondentes dereitos de explotación e reprodución.

A cesión temporal da obra para

En Poio (Pontevedra), a..... de de 20.....

Sinatura

A/A Dirección do CIFP DE CANTERÍA DE GALICIA